

INFORME MENSUAL DE ACTIVIDADES FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (FGE)

Marzo 2015

03/03 (Bruxelas) – Reunión Anual da Plataforma AECT. Nesta quinta reunión da Plataforma de Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) do Comité das Rexións (CdR) abordouse a necesidade de mellorar o marco regulamentario laboral transfronteirizo para permitir unha mellora no mercado e facelo a súa vez máis dinámico e inclusivo. A directora da AECT Galicia-Norte de Portugal, María Galdes, presentou, co apoio da FGE, esta agrupación e expuxo as accións de cooperación transfronteiriza levadas a cabo en materia de emprego (Job Days) e educación (Iacobus).

03/03 (Bruxelas) Reunión da Rede de Colaboración entre as Oficinas Rexionais Españolas (CORE) en materia de Comercio e Cooperación ao Desenvolvemento. As oficinas de representación autonómica en Bruxelas reuníronse na delegación valenciana co conselleiro de Comercio da Representación Permanente de España ante a UE (REPER), quen fixo unha exposición sobre os progresos acadados na 8ª Rolda de negociacións da Asociación Transatlántica para o Comercio e o Investimento (TTIP nas súas siglas en inglés), e cun funcionario da Comisión Europea provinte da Dirección Xeral de Cooperación ao Desenvolvemento, o cal presentou aos asistentes a Comunicación da Comisión sobre o papel do sector privado para acadar un crecemento inclusivo e sostible nos países en desenvolvemento.

04/03 (Bruxelas)- Reunión CORE sobre as Directivas de Aves e Hábitats. As oficinas de representación autonómica en Bruxelas mantiveron

unha reunión cunha funcionaria da Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, quen presentou a revisión que a Comisión vén de iniciar sobre as Directivas de Aves e Hábitats, cuxo obxectivo é a conservación, protección e mellora do ambiente. Esta avaliación forma parte do programa REFIT da Comisión Europea –encargado de simplificar a normativa comunitaria– que pretende valorar se a lexislación da UE se adecúa aos obxectivos marcados. As cinco áreas clave a examinar das Directivas serán: a súa eficacia, eficiencia, coherencia, relevancia e o valor engadido que achega a UE. Segundo o programa previsto, a revisión das Directivas finalizará o primeiro trimestre de 2016 coa publicación dun informe por parte do persoal encargado da avaliación.

05/03 (Bruxelas) Reunión da comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité das Rexións. Nesta reunión designouse a Galicia para liderar un ditame sobre o futuro da acuicultura europea. No encontro, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, foi nomeado como relator deste ditame que se prevé aprobar na sesión plenaria do CdR do vindeiro mes de outubro, despois dun logo traballo de consulta con todas as partes interesadas e coa Comisión e o Parlamento, tras o seu debate en comisión no mes de xuño. O ditame pretende identificar os obstáculos que dificultan o desenvolvemento da acuicultura europea e recomendar posibles solucións.

12/03 (Bruxelas) Reunión CORE sobre as Asociacións Europeas de Innovación. As oficinas de representación autonómicas en Bruxelas acudiron á Oficina Española



de Ciencia e Tecnoloxía (SOST polas súas siglas en inglés) para informarse sobre as novidades referentes ás Asociacións Europeas de Innovación (EIP nas súas siglas en inglés). As EIP enmárcanse dentro da iniciativa emblemática “Unión pola Innovación” e teñen como finalidade fundamental mobilizar os recursos existentes para romper a fenda entre a innovación e a posta no mercado dos resultados desta última. A día de hoxe, son cinco as EIP existentes: envellecemento activo e saudable; agricultura sostible e produtividade; cidades e comunidades intelixentes; materias primas e finalmente unha Asociación Europea de Innovación referente á auga.

12/03/15 (Pontevedra) Participación nas xornadas sobre “Retos para a Formación e o Emprego na Europa 2020”. Co fin de informar sobre as novidades dos fondos comunitarios para o período 2014-2020, a Fundación Galicia Europa participou nestas xornadas, organizadas pola Deputación de Pontevedra co obxectivo de explicar as prioridades e liñas de actuación da Estratexia Europea de Emprego. Nas conferencias tamén participaron representantes da administración e do mundo da empresa que falan sobre diversos programas relacionados co Fondo Social Europeo, o emprendemento e as políticas de emprego en Galicia. A Fundación Galicia Europa informou sobre os distintos fondos existentes para a mobilidade e o emprendemento, centrándose naqueles de xestión centralizada como Erasmus+ e COSME.

23/03 (Bruxelas) Visita de Gradiant e a Axencia Galega de Innovación A FGE reuniuse con representantes do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant) e da Axencia Galega de Innovación (GAIN) co obxectivo de estudar posibles modos de colaboración. Gradiant participa actualmente en oito proxectos europeos de investigación e innovación, entre os que destaca LiftGATE. Financiado polo 7º Programa Marco de I+D con 2,3 M€, este proxecto

axudou a Gradiant a ser máis competitivo a nivel europeo e acelerou a súa consolidación como centro tractor da innovación en Galicia. Pola súa parte, GAIN, explicou o apoio que presta á transferencia da tecnoloxía mediante a colaboración cos centros tecnolóxicos, como o mostra o acordo asinado días despois coa Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (Atiga), que reúne ao propio Gradiant e a outros cinco centros (Aimen, Anfaco-Cecopesca, CTAG, Energylab e ITG).

26/03 (Bruxelas) Reunión CORE sobre o Fondo de Axuda Europea para as persoas máis desfavorecidas (FEAD). Nesta reunión, varios representantes da Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea explicaron en que consiste este renovado fondo destinado a financiar medidas dos países da UE para proporcionar asistencia material aos máis necesitados. Máis centrado na faceta da inclusión social que antes, o FEAD estrutúrase a través de programas operativos que son xestionados de xeito compartido entre a Comisión Europea e os Estados membros.

31/03 (Bruxelas)- Reunión co director xeral de DG GROW, Daniel Calleja. Os directores das oficinas de representación autonómica en Bruxelas reuníronse co maior alto cargo tras a comisaria da actual Dirección Xeral de Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Pemes (DG GROW), unha das carteiras máis importantes da actual Comisión Juncker. Calleja informou de primeira man sobre as grandes liñas de traballo da actual Comisión en relación coa competitividade: dende o Plan Europeo de Investimentos ata a negociación da Asociación Transatlántica, pasando polo novo pulo á Axenda Dixital e ao mercado interior de produtos e servizos. Durante o debate cos representantes autonómicos, abordáronse temas como a importancia económica do turismo, as misións para o crecemento da Comisión Europea e o plan da acción europeo para a automoción.



Outras actividades

- **Colaboración coa revista ECO** para a publicación do artigo “En que nos afectan as decisións do BCE”.
- Actualización diaria e xestión das redes sociais da Fundación (Facebook e Twitter), con información corporativa da FGE, novas e oportunidades de traballo e prácticas para mozos na UE.
- Actualización diaria do apartado de financiamento comunitario no portal web: publicación de **12 convocatorias** e **3 buscas de socios** para a presentación de propostas de proxectos europeos.
- Resolución de **5 consultas** sobre diversos proxectos europeos relacionados con Galicia, prácticas e saídas laborais na UE, financiamento comunitario para unha asociación xuvenil e prestacións sociais á hora de establecerse noutro país da Unión Europea.
- Redacción e publicación de **25 noticias** sobre as actividades da Fundación e sobre a Unión Europea no portal web da FGE.
- Asistencia a diferentes **reunións, seminarios e conferencias en Bruxelas** sobre o desenvolvemento de políticas europeas que afectan a Galicia:
 - 04/03 Seminario URBACT II sobre mobilidade e medios de transporte verdes nas cidades. Comité das Rexións.
 - 05 e 06/03 Seminario sobre o diálogo paneuropeo en materia de cruceiros, operadores de portos e turismo marítimo e costeiro. Comisión Europea.
 - 05/03 Conferencia sobre entidades locais e rexionais implicadas no Horizonte 2020. Comisión Europea.
 - 06/03 Seminario “Cómo funciona o servizo de prensa do Parlamento Europeo e que pode facer por ti”. Parlamento Europeo.
 - 06/03 Audiencia sobre a revisión do libro branco de transporte da Comisión Europea. Comité Económico e Social.
 - 09/03 Reunión sobre os resultados do último Consello de Medio Ambiente da UE na Representación Permanente de España ante a UE (REPER).
 - 09 e 10/03 Cumio Europeo sobre innovación e envellecemento saudable. Comisión Europea.
 - 11/03 Presentación da plataforma *Eurasmus.com*. Delegación da Junta de Andalucía en Bruxelas.
 - 16/03 Conferencia sobre o instrumento “Conectar Europa” en materia de enerxía. Comisión Europea.
 - 17/03 Presentación da aplicación comunicativa *Appgree*. Oficina Española de Ciencia e Tecnoloxía en Bruxelas.
 - 17/03 Seminario sobre estratexias de especialización intelixente. Comité das Rexións.
 - 23/03 Reunión sobre os resultados do último Consello de Competitividade da UE na Representación Permanente de España ante a UE.
 - 24/03 Reunión sobre os resultados do último Consello EPSCO de Emprego e Asuntos



Sociais na Representación
Permanente de España ante a
UE.

(*Peer to Peer*) para a xestión de
fondos estruturais. Comisión
Europea.

- 24/03 Conferencia con motivo do
10º aniversario do Observatorio
de Cooperación Descentralizada
UE-América Latina. Comité das
Rexións.
- 24/03 Presentación da plataforma
de intercambio de coñecementos
- 31/03 Conferencia sobre o papel
dos entes rexionais e locais na
construción europea. Parlamento
Europeo.

Máis información en <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>